



Deputación
DA CORUÑA

SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA
ECONÓMICA A CONCELLOS
SECCIÓN I

DEREITOS DE DIFÍCIL OU IMPOSIBLE RECADACIÓN PARA OS EFECTOS DE DETERMINAR O REMANENTE DE TESOURERÍA DO EXERCICIO 2018

1. [*Informe da Intervención Provincial.*](#)
2. [*Ditame da Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior.*](#)
3. [*Certificado do Acordo Plenario.*](#)

Asunto: Declaración de diversos dereitos pendentes de cobranza a fin de exercicio como de difícil ou imposible recadación para os efectos de determinar o remanente de tesourería do exercicio 2018.

Lexislación aplicable: Artigos 191.2 e 193 bis (engadido polo artigo 2 da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local (LRSAL)) do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLHL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo; artigo 103 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril; apartados 24.6.6 e 7 do contido da Memoria das contas anuais e apartado 3º de principios contables do marco conceptual da contabilidade pública da Instrución do modelo normal de Contabilidade local (ICAL), aprobado pola Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro; e a número 38, apartado terceiro das Bases de Execución do Orzamento de 2018 (BEP); e Lei 22/2003, de 9 de xullo, Lei Concursal (LC).

1.- Ao finalizar o exercicio 2018 estaban pendentes de cobranza os dereitos recoñecidos no exercicio 2017 e anteriores (exercicios pechados) por recursos propios nos capítulos I ao VIII do estado de ingresos por unha suma de 4.037.927,10 euros.

A esa mesma data, había un saldo pendente de cobranza en diversos conceptos non orzamentarios por un importe de 4.225,50 euros.

2.- Diversos Xulgados do Mercantil declararon a debedores en concurso voluntario de acredores co fundamento nas causas previstas no artigo 2 da LC, polo que conforme ao disposto no artigo 55.1 desta Lei, unha vez declarado o concurso, non poderán iniciarse execucións singulares, xudiciais ou extraxudiciais, nin seguirse premas administrativas ou tributarias contra o patrimonio do debedor e todas as actuacións que se achasen en tramitación quedarán en suspenso, sen prexuízo do tratamento concursal que corresponda dar aos respectivos créditos.

Os contribuíntes, que segundo a información facilitada polo Servizo de Recadación atopábanse en situación concursal e que tiñan vencidas e pendentes de satisfacer ao final do exercicio 2018 as súas débedas tributarias, deben un total de 11.559,72 euros na parte relativa aos dereitos provinciais do exercicio 2018, e por tanto non incluídas nos importes sinalados nos parágrafos anteriores.

3.- O TRLHL establece que para a cuantificación do remanente de tesourería se minorarán dos dereitos pendentes de cobranza os que se consideren de difícil ou imposible recadación.

Engadindo no seu artigo 193 bis:

“As Entidades Locais deberán informar o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e ao seu Pleno, ou órgano equivalente, do resultado da aplicación dos criterios determinantes dos dereitos de difícil ou imposible recadación cos seguintes límites mínimos:

- a) Os dereitos pendentes de cobranza liquidados dentro dos orzamentos dos dous exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación, se minorarán, como mínimo, nun 25 por cento.
- b) Os dereitos pendentes de cobranza liquidados dentro dos orzamentos do exercicio terceiro anterior ao que corresponde a liquidación, se minorarán, como mínimo, nun 50 por cento.
- c) Os dereitos pendentes de cobranza liquidados dentro dos orzamentos dos exercicios cuarto a quinto anteriores ao que corresponde a liquidación, se minorarán, como mínimo, nun 75 por cento.
- d) Os dereitos pendentes de cobranza liquidados dentro dos orzamentos dos restantes exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación, se minorarán nun 100 por cento”.

Pola súa banda o Real Decreto 500/1990 indica que a determinación da contía dos dereitos que se consideren de difícil ou imposible recadación poderá realizarse ben de forma individualizada, ben mediante a fixación dunha porcentaxe a tanto alzado. Engadindo uns criterios para a súa determinación e permitindo que por cada entidade local se fixen máis criterios dun xeito ponderado.

A ICAL indica que o importe dos dereitos pendentes de cobranza de difícil ou imposible recadación vén dado pola parte do saldo da conta 490 “Deterioro do valor dos créditos”, que corresponda a dereitos incluídos no cálculo do remanente de tesourería.

As BEP consideran como dereitos de difícil ou imposible recadación:

- a) Os dereitos recoñecidos por recursos propios recolleitos nos capítulos I, II e III do Estado de Ingresos, de antigüidade superior a un ano.
- b) Os dereitos recoñecidos por transferencias correntes e de capital nos que o acto administrativo de recoñecemento e liquidación do dereito produciuse en exercicios anteriores a aquel que é obxecto de liquidación.
- c) Os debedores por conceptos non orzamentarios nos que transcorra máis dun ano desde a acreditación das circunstancias que habilitan á Deputación para a realización material do dereito pendente de cobranza.
- d) En todo caso, cando conste á Administración provincial que o debedor se atopa nalgunha das situacións recollidas na Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal.

Os límites citados das BEP son máis esixentes que os mínimos previstos no TRLHL segundo a redacción dada pola LRSAL, polo que se aplican aqueles. Iso pode comprobarse facilmente na folla adxunta, na que se pode ver que aplicando os criterios das BEP resultan uns dereitos de difícil recadación de 4.053.712,32 euros mentres que cos mínimos previstos na citada disposición legal serían de 2.403.435,11 euros, é dicir, que a diferenza entre ambos ascende a 1.650.277,21 euros. Esta diferenza explícase principalmente no cálculo dese concepto para os dereitos pendentes de cobranza correspondentes a exercicios cerrados e porque as BEP clasifican como

de difícil cobranza aos dereitos do exercicio 2018 que están en procesos concursais mentres que a citada disposición non considera ningún.

5.- Por todo o exposto, considérase que procede declarar os importes que a continuación se indican no anexo como dereitos de difícil ou imposible recadación para os efectos previstos nas BEP, TRLHL e regulamento de desenvolvemento do mesmo e proceder en consecuencia de acordo co indicado na ICAL e que suman un total de 4.053.712,32 euros.

Presupuesto	Importe	Ajustes	Dchos. Difícil recaudación s/BEP (1)	Dchos. Difícil recaudación s/art. 193 bis TRLHL (2)	Diferencia (1)-(2)
Capítulo 1	783.140,29		783.140,29		
Capítulo 2	0,00		0,00		
Capítulo 3	1.072.846,78		1.072.846,78		
Capítulo 4	0,00		0,00		
Capítulo 5	0,00		0,00		
Capítulo 6	1.872.748,61		1.872.748,61		
Capítulo 7	308.091,93		308.091,93		
Capítulo 8	1.099,49		1.099,49		
Total Presupuesto Ingresos de Cerrados (3)	4.037.927,10		4.037.927,10	2.399.209,61	1.638.717,49
RRPP 2018 afectados por concursos de acreedores	11.559,72		11.559,72	0,00	11.559,72
Total Presupuesto (A)	4.049.486,82	0,00	4.049.486,82	2.399.209,61	1.650.277,21
Op. No Presupuestarias					
Deud.no presupuestarios cta. PGCP 4490/10099	2.116,17		2.116,17	2.116,17	0,00
Deud.no presupuestarios cta. PGCP 4490/10401	1.450,00		1.450,00	1.450,00	0,00
Deud.no presupuestarios cta. PGCP 4490/10999	659,33		659,33	659,33	0,00
Total deudores no presupuestarios (B)	4.225,50	0,00	4.225,50	4.225,50	0,00
TOTAL GENERAL (A) + (B)	4.053.712,32	0,00	4.053.712,32	2.403.435,11	1.650.277,21



COMISIÓN DE ECONOMÍA, FACENDA, ESPECIAL DE CONTAS, PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Reunión do 21 de xaneiro de 2019

Preside:

Deputados/as

Asistentes:

BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, JUAN VICENTE PENABAD MURAS, MANUEL MUÍÑO ESPASANDÍN, MANUEL RIVAS CARIDAD, CARLOS VÁZQUEZ QUINTIÁN (en substitución de Susana García Gómez), MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ, JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA, LUIS RUBIDO RAMONDE e DANIEL DÍAZ GRANDÍO (en substitución de Claudia Delso Carreira)

Escusados:

MANUEL DIOS DIZ e XESÚS MANUEL SOTO VIVERO

Presentes:

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA (Interventor Xeral), JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS (Interventor Adxunto), ENRIQUE MANUEL CALVETE PÉREZ (Tesoureiro) e MARÍA AMPARO CRISTINA TABOADA GIL (Oficial Maior)

Secretaria:

MARÍA JOSÉ VÁZQUEZ SESMONDE.

INFORME DOS DEREITOS DE DIFÍCIL OU IMPOSIBLE RECADACIÓN DOS RECURSOS PROPIOS, SEGUNDO O DISPOSTO NO ARTIGO 193 BIS DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.

Esta comisión:

Toma coñecemento do informe dos dereitos de difícil ou imposible recadación dos recursos propios, segundo o disposto no artigo 193 bis do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

O presidente

Antonio Leira Piñeiro

A secretaria

M^a José Vázquez Sesmonde

**DON JOSÉ LUIS ALMAU SUPERVÍA, SECRETARIO XERAL DA EXCMA.
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

CERTIFICA: Que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña na sesión plenaria ordinaria celebrada o un de febreiro de dous mil dezanove tomou coñecemento do seguinte:

**"14.-DAR CONTA DO INFORME DOS DEREITOS DE DIFÍCIL OU IMPOSIBLE
RECADACIÓN DOS RECURSOS PROPIOS, SEGUNDO O DISPOSTO NO ARTIGO
193 BIS DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS
LOCAIS.**

O Pleno toma coñecemento do informe dos dereitos de difícil ou imposible recadación dos recursos propios, segundo o disposto no artigo 193 bis do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais."

E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Sr. Presidente na Coruña, a catro de febreiro de dous mil dezanove.

Vº e Pr.

